



# Museo das Mariñas (de Betanzos)

(I)

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ\*

## Sumario

Iniciamos aquí a presentación do Museo das Mariñas, de Betanzos.

## Abstract

Here we begin the presentation of the Betanzos Museum das Mariñas.

### O EDIFICIO DO MUSEO:

#### O EXCONVENTO DE SANTO DOMINGO

A Orde de Santo Domingo en Betanzos tivo a súa orixe no testamento do presbítero da cidade, D. Antonio González de Sosa. Aberto o día seguinte do seu enterro, acaecido o 12-I-1558, comprobouse que deixaba todos os seus bens vinculados á primeira das dúas ordes relixiosas, de Santo Domingo ou de San Agustín, que se establecesen na cidade con 4 confesores e un bo predicador. Fr. Diego de Chaves, catedrático de

Teoloxía na Univ. de Santiago e confesor de Felipe II, aceptou a donación con dilixencia e enviou ó *Padre* Luís de Sosa (parente de D. Antonio) e outros relixiosos a Betanzos (Pardo, 1930-1931).

Provisionalmente instaláronse nunha chamada “casa do Hórreo”, pronto convertida en pequeno convento coa súa capela pública e, logo de ratificada a donación por parte do vicario provincial de España, Fr. Cristóbal de Mendoza (13-II-1558), inauguráronse inmediatamente as obras do

\* **Alfredo Erias Martínez** \* é director do *Anuario Brigantino*, do *Museo das Mariñas*, arquivista-bibliotecario municipal de Betanzos e coordinador xeral de *Restauro: revista internacional del Patrimonio Histórico*. <<http://www.alfredoerias.com>>, <<http://anuariobrigantino.betanzos.net>>, <<http://hemeroteca.betanzos.net>>, <<http://www.revistarestauro.com>>.




*O convento de Santo Domingo no «mapa» que debuxou Antonio Vázquez no 1616 para testemuñar os efectos do gran incendio que tivo lugar na cidade de Betanzos o 18 de setembro dese ano. Daquela o convento xa estaba construído, pero non a igrexa e torre barroca que hoxe coñecemos. A torre que se ve neste debuxo (con niño de cigoiña enriba) é a que se axustou o 30-V-1605 co mestre de cantería, Rodrigo Martínez (Barreiro/Rey, AB 2010).*

convento e igrexa que coñecemos, ó Sur, fóra da cidade amurallada, nun extremo do «campo da feira de sanroque» (denominación do mapa de 1616), en terreos daquela pertencentes á parroquia de S. Martín de Brabío e substituíndo unha antiga capela.

Os traballos foron prolongados e custosos. O 30-V-1605 axustouse co mestre de cantería, Rodrigo Martínez, a obra do campanario. Por ese tempo, entre 1603 e 1613, non contaban con máis de 6 relixiosos, pero, ó parecer, cara a 1615 foi elevado ó

rango de priorato, o que implicaba unha comunidade de doce frades como mínimo. En 1667 contratábase ó mestre de cantería, Francisco de Zelis, a construción de “*un quarto en dicho convento, desde la capilla mayor donde está començado acer la sacristía, el qual dicho quarto a de tener de largo ciento seis pies y en hueco diez y ocho, con sus puertas, ventanas, celdas y demás oficinas y dependencias*”. O altar maior construíuse algúns anos despois, estando aínda sen pintar a súa obra de talla en 1680.



*Expediente de demolición do exconvento de Santo Domingo en 1843 (non apareceron os documentos do mesmo), que non se levou a cabo por falta de cartos. AMB, c. 538.*



*Procesión do Xoves Santo (1894). Véxase a igrexa e convento de Santo Domingo á esquerda, ó fondo. Foto: F. J. Martínez Santiso. AMB*



*Vista parcial dunha fotografía de F. J. Martínez Santiso, datada en 1901, na que se pode observar o convento de Santo Domingo rodeado por hortas cara o Leste e cara o Sur. AMB.*

O favor de importantes familias de Betanzos incrementou o poder da comunidade dominica. En 1695, Don Baltasar de Ulloa y Seijas, no seu testamento, pretendeu e conseguiu que os dominicos lle cedesen o patronato do convento para el e os seus herdeiros e un nicho na capela maior, coas súas armas, onde se colocasen as súas cinzas e as dos seus sucesores... A cambio disto, deixaba á comunidade 12.000 ducados e fundaba dúas cátedras (unha de Artes e outra de Moral), rexentadas por relixiosos. Os dominicos aceptaron.

O mestre Sebastián Monteagudo dirixía as obras en 1698 e aínda se seguía traballando entre 1711 e 1714, época na que se rematou a fermosa torre barroca que chega ata nós, quizais deseñada por Domingo de Andrade (aínda que a construción debeuse a Fernando de Casas), que foi custeada polo arcebispo de Santiago, Fr. Antonio de Monroy (Ríos, AB1984).

As cátedras de Artes e Moral funcionaban en 1721, e, desde 1736 ata 1770 debeu cursarse tamén Teoloxía Dogmática. En 1812, polo menos a de Artes seguía funcionando. En 1793 recolleron algunhas comunidades relixiosas francesas que fuxían dos efectos da Revolución. O 11-I-1809 o exército de Napoleón entraba na cidade e no convento, converténdoo inmediatamente en cuartel: era a primeira vez, pero non a última, que cumpriría esta función.

A Lei de 25-X-1820 pola que deixaban de existir as comunidades relixiosas de menos de 24 individuos, supuxo a pechadura do convento en 1821. Con todo, a petición da Confraría de Ánimas, o 2-I-1822, a igrexa volveu abrir ó culto.

Unha vez pasado o trienio liberal, a comunidade refixose, pero non por moito tempo, porque, como consecuencia da exclaustación xeral (desamortización eclesiástica), os nove dominicos existentes foron expulsados o 25 de agosto de 1835,



25 de febreiro de 1983. Inauguación do Museo das Mariñas polo Presidente da Xunta de Galicia, D. Gerardo Fernández Albor, en presenza do Alcalde, D. Vicente de la Fuente García.

perdéronse os papeis do Arquivo e os libros da Biblioteca e ata o Goberno decretou a demolición do convento, feito que, evidentemente, non chegou a producirse, debido á intervención do Conde de Taboada, Don Vicente Roldán y Gil. Aínda o 28-I-1843 o Concello pretendía a demolición do edificio, pero a idea tampouco prosperou, por falta de cartos.

Desde a marcha dos dominicos, as funcións do edificio foron múltiples. En 1849 documéntase xa alí a estancia da “Guardia Civil de Caballería” que, con intermitencias ou sen elas, permanecería no edificio ata 1981, ano de inauguración do novo cuartel na Feira Nova.

En 1867 tamén tiña alí a súa sé o Liceo Recreativo, que estivo ata que se instalou no Edificio Arquivo en 1873 (Rodríguez, AB1989). Ese mesmo 1873 estableceuse o “Instituto de Segunda Enseñanza Libre” e unha “Cátedra de Dibujo”, creada polo Concello.

Unha das actividades máis persistentes foi como teatro e logo cine no baixo do corpo occidental do edificio. Alí, o 12 de novembro de 1882 foi inaugurado o Teatro Alfonsetti e nel tamén, en 1897, tivo lugar a primeira función dun cinematógrafo na cidade, utilizando a nacente luz eléctrica.


En 1894 serve de cuartel ó “Regimiento de Infantería de Reserva de La Coruña” e en 1899 estábanse proxectando importantes obras para o Cuartel da Garda Civil.

En 1901 tamén vemos alí a Academia de Música. En 1919, o “Escuadrón de Cazadores de Galicia”, en 1920 funciona unha “Escuela Nacional de Niños” e mesmo en 1925 hai obras para instalar o Xulgado Municipal, que vemos funcionando en 1934, xunto á Academia de Música, o «Instituto de Segunda Enseñanza» e a «Guardia Civil».

Anos máis tarde, tamén estivo alí unha emisora de radio, un club de xadrez, as *majorettes*, etc. E, cando aínda algunhas destas entidades non se marcharan, o 25 de

*Fermosa porta barroca no extremo  
norte do corredor baixo  
oriental, que comuni-  
caba a sacristía  
da igrexa co  
convento.  
Foto:  
Erias.*





«Proyecto de reforma del convento de S<sup>o</sup> Domingo para la instalación de un puesto de Guardia Civil en la Ciudad de Betanzos. Arquitecto: Dn. Pedro Ramiro Mariño. Año 1899». AMB, c. 538.

febreiro de 1983 inaugurouse o Museo das Mariñas, sendo Alcalde D. Vicente de la Fuente García. Pero o edificio non estaba en boas condicións e iso implicou que, en setembro de 1985, se trasladase ó desaparecido *Centro Primario de Higiene* (Avda. Linares Rivas), onde permanecería aberto ó público ata o seu retorno a Santo Domingo, unha vez que as obras remataron.

Por fin, o 17 de maio de 1993, sendo Alcalde D. Manuel Lagares Pérez, inaugurouse o chamado “Centro Cultural Santo Domingo” que alberga a Biblioteca Pública Municipal “Castelao”, o Arquivo Municipal de Betanzos e o Museo das Mariñas. Quen entre no edificio, non soamente se asombrará da magnífica vista da torre barroca desde o acolledor patio



*Vista da igreja e parte do convento de Santo Domingo, coa emblemática «casa de Doña Águeda» ó fondo. Foto: Villar, ca. 1920. AMB.*




*Fachada posterior do antigo convento de Santo Domingo, datada arredor da década de 1940. AMB.*





*Fachada posterior do antigo convento de Santo Domingo, que se convertiría, ó remate das obras, na principal do Museo, do Arquivo e da Biblioteca. Arriba, en marzo de 1986 e, abaixo, en novembro do ano seguinte. Fotos: Alfredo Erias.*






(III-1986).

Erias



(IV-1986).

Erias



*Secundino Abeal, un dos magnificos canteiros de Ambroa (VI-1989). Foto: Erias.*



*Manuel Mellid Pena, o gran xefe de obras (VI-1989). Foto: Erias.*



Erias



central, senón tamén das fermosas tres portas barrocas do corredor baixo-leste ou da escaleira monumental. O edificio é, desde logo, un dos principais atractivos para o visitante.

Un precedente próximo do Museo das Mariñas atópase no decreto do 10/10/1974 polo que se creaba en Betanzos o «*Museo del Traje Regional Gallego*» (ideado por D. Manuel Chamoso Lamas), dependente do *Ministerio de Educación y Ciencia*. Expropiouse para iso o Pazo de Bendaña, pero nunca se rehabilitou para ese fin (hoxe é Delegación de Facenda) nin se chegaron a adquirir as pezas necesarias.

Un precedente máis próximo foi a exposición realizada en xuño de 1981 na sala do Banco de Bilbao, enmarcada nos actos de homenaxe da cidade a D. Francisco Vales Villamarín e coordinada por quen subscribe. Alí presentouse ó público un museo en pequeno, ó concentrarse obras e pezas que foron obxecto de estudo por parte de D. Francisco: documentos, a ara romana de

Rafael Vicente Teijo, o gran carpinteiro (XII-1992).  
Foto: Erias.





*Albaneis traballando (VI-1989). Foto: Erias.*

Fervenzas, o ídolo fálico de Paderne, pinturas, debuxos, táboas do Apostolado da Escola de Rubens, etc. Así mesmo, tivo gran repercusión a exposición de fotografías antigas, tamén coordinada por quen subscribe, “Betanzos Onte”, que organizou o Grupo Untia en xaneiro do ano seguinte.

Había un ambiente xeral de entusiasmo pola cultura local, onde tivo moito que ver a visión de D. Santiago de la Fuente García sj, que creou o Grupo Untia, iniciou o Fondo Local na Biblioteca Municipal á que donou numerosos libros, escribiu obras, fotocopiou e puxo a disposición das institucións, documentos de diversas procedencias e, sobre todo, uniu persoas moi dispares para a consecución de grandes obxectivos culturais.

Así as cousas, o Concello, presidido por D. Vicente de la Fuente García, decidiu crear

o Museo das Mariñas, apoiado no entusiasmo e nas propostas do Grupo Untia (D. Xosé Antón García Ledo tivo un papel destacado á beira do nacente Museo), inaugurándose o 25 de febreiro de 1983. A principios de 1984, sendo Alcalde D. Antolín Sánchez Presedo, o Museo foi adscrito ós servizos do Arquivo e da Biblioteca e, desde ese momento, as tres institucións camiñan xuntas e todas tamén intimamente conectadas co Anuario Brigantino, revista de investigación de ámbito galego. Pero o edificio tiña graves deficiencias e una serie de proxectos, relativos á súa rehabilitación, se sucederon ó longo da década de 1980 para culminar finalmente na súa reinauguración o 17 de maio de 1993, sendo alcalde D. Manuel Lagares Pérez. Para chegar a esa meta, foi moi importante o apoio de D. Antolín Sánchez Presedo que, como conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, formaba parte do goberno da Xunta de Galicia entre 1987 e 1989.

En canto á instalación das pezas, o Concello confiou no director que subscribe (nomeado como tal en febreiro de 1984) os traballos correspondentes e, para iso, contouse con magníficos profesionais dos oficios clásicos da construción: canteiros, albaneis e carpinteiros.

Para empezar, xa publicara no *Anuario Brigantino 1988* unhas liñas básicas do que se podía facer, no traballo, “O Museo das Mariñas: ideas para renacer” que servirían como punto de partida. E, en consonancia coa cidade, co edificio e con moitas das pezas con que contabamos, buscou un ambiente xeral tradicional, acorde coa nosa cultura secular, dando ó Museo un ar voluntariamente antigo, empezando por utilizar a cor branca, a madeira de castaño e o granito como elementos dominantes. A partir de aí, prantexouse o esquema xeral da instalación, tendo en conta que a cidade é medieval e conta cun elenco privilexiado de sepulcros antropomorfos. O visitante, polo

tanto, debía atoparse rapidamente neste ambiente, que contaba ademais con pezas moi significativas. Pero logo debía ver algo, polo menos, da pegada de Roma e do mundo prehistórico. Ademais, era preciso representar oficios tradicionais como os derivados do cultivo da vide, dos cereais ou do liño, sen esquecer a cestería ou a cerámica xunto con algunhas manifestacións dos nosos vellos ferreiros.

Betanzos é unha cidade con moita historia e iso determinaría tamén a necesidade de contar con salas especiais, tales como as dedicadas ó Apostolado da Escola de Rubens, ó Traxe Galego, á Fundación Jiménez Cossío, ós símbolos de Betanzos, de Galicia e de España ou ás nosas vellas escolas que aínda puidemos rescatar dalgunha maneira. E, ano tras ano, atopámonos con novas pezas que frecuentemente desbordan as nosas expectativas. É, pois, hora de visitar este Museo, amplo e diverso, formado de xeito natural ó redor da antiga cidade de Betanzos e da terra das Mariñas.

#### BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO MALLON, Baudilio y REY CASTELAO, Ofelia, 2011, «El incendio de Betanzos de 1616». *Anuario Brigantino 2010*.



ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, 1989, «O Museo das Mariñas: ideas para renacer». *Anuario Brigantino 1988*.

PARDO VILLAR, Aureliano, 1930-1931, «El convento de Santo Domingo de Betanzos». *Boletín de la Real Academia Gallega*.

RÍOS MIRAMONTES, M<sup>a</sup> Teresa, 1985, «La torre de la iglesia de Santo Domingo de Betanzos». *Anuario Brigantino 1984*.

RODRÍGUEZ OTERO, M<sup>a</sup> Ángeles, 1990, «El Liceo Recreativo» de Betanzos 1861-1874. *Anuario Brigantino 1989*.



*Dous albaneis (1º e 3º pola esquerda) e os catro canteiros de Ambroa, co director do Museo en xuño de 1989.*



*Inauguración do «Centro Cultural Santo Domingo», logo da rehabilitación integral do edificio, o 17 de maio de 1993, sendo Alcalde de Betanzos D. Manuel Lagares Pérez.*

